

ROGO DE AER SOBRE CESANTES

PLENO 29 FEBREIRO 2012. ACTA 2/2012

Despois de escoitar como o resto de grupos do pleno responderon que a situación na costa de Cesantes constaba en informes do Concello, tal e como prometemos, procedemos a solicitar a información correspondente.

Pasados os días, un mes, dende o pleno anterior, aínda non se nos remitiu a información solicitada, polo que procedemos a solicitala publicamente e rogamos nos faciliten esta documentación ou nos dean datos para a súa localización e consulta no Concello:

- a) Enganches de sumidoiro realizados despois do 2005 (cobrados).
- b) Taxas de lixo, auga e sumidoiro que se cobran desa zona.
- c) Informes transmitidos á Xunta sobre obras realizadas na zona desde 2005.
- d) Expediente e/ou informes elaborados polo inspector de obras do Concello referentes á zona.
- e) Cualificación urbanística en vigor respecto do polígono en cuestión.
- f) Documentación (informes, denuncias, requirimentos, etc) recibida da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas ou da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) que faga referencia á zona.